

Señora Tenente de Alcalde.

Membros das institucións políticas, sociais e culturais da nosa nación.

Querida familia de X. M. Álvarez Cáccamo.

Amigas e amigos.

Vimos a tan fermoso lugar gardados pola ría, dende onde asistir ao sonho dos séculos de amor e de amigo da Illa de San Simón á súa memoria dorida, acollidos pola Serra de Domaio, para celebrar o poeta na súa Terra, para lle entregar o E de Escritor en recoñecemento.

Aínda que As Travesas e as praias de Coruxo son os espazos da nenez do poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, é este lugar de Vilaboa - Vilar que o poeta elixe como ancoradoiro, como lugar de firme raíz onde vivir o tempo no seu nacer e o seu devalo.

Non é unha escolla menor elixir o lugar no que acrisolar a íntima substancia do tempo, no que construír un novo territorio interior. Aquel que sempre nace da mirada ao máis próximo, en amada compañía de seres queridos que nos nacen a nós, de veciños de porta, de amigos e amigas vidos da nación que hoxe nos acompañan.

Créase así un novo lugar incorpóreo que é suma e tece e cose xeografías íntimas do poeta que viven nos seus poemas.

A primeira vez que souben de Xosé María Álvarez Cáccamo foi na Coruña: invitáramos dende a A. C. Alexandre Boveda, que eu presidía, ao seu pai Xosé María Álvarez Blázquez a impartir unha conferencia sobre os cancioneros. Na entrañable conversa posterior falamos sobre a busca dunha normativa para o noso idioma, e o necesario acordo -mesmo no ámbito familiar- para poder ter os xantares familiares co necesario sosego na conversa.

Co tempo púidenlle achegar un exemplar dun libro seu sobre Alexandre Bóveda que foi censurado, ao non ser distribuído pola

entidade editora do libro. Era o comezo dos anos oitenta. Esta para min querida lembranza permíteme convocar hoxe aquí un home dos Bos e Xenerosos que nun tempo de extenuada luz, de inertes sombras, sementou nesta Terra albor de mañá clara. Hoxe moitos de nós somos dalgunha maneira fillos da súa esperanza, de que el acreditara nesta Terra, de que non fose derrotado pola desesperanza. Sempre digo que a nación é algo que se funda día a día. Xose María Álvarez Blázquez foi un fundador da nación. O home que, en palabras do noso poeta homenaxeado, o seu fillo, tiña *un corazón redondo xusto no centro do peito*. Convócoo hoxe en gratitude, por ter habitado da palabra poética a aquel neno, aquel *onte pequeno corazón mentres xogaba coa nai no inverno* do poeta que medrou e hoxe, aquí, celebramos. Quizais non moi distinto daquel de entón.

Porque, e volvo beber unha vez máis das mesmas augas claras de Ángel Valente que nos di: *a infancia é ese tempo longo e interminábel que máis tarde descubrimos que representa toda a duración da nosa vida*.

Aínda que sabemos que é máis que dubidosa a existencia das xeracións, si existe, creo, un tempo xeracional no que o poeta constrúe a súa obra. Xosé María Álvarez Cáccamo é figura referencial neste ecosistema xeracional chamado dos oitenta, onde se desenvolven as máis diversas poéticas dos máis diversos autores, mesmo onde cada autor ten varias poéticas ao longo da súa vida, que se superpoñen e sedimentan en capas que anuncian outras. Concordo na definición dos oitenta que fai Arturo Casas cando dentro desa *misión colectiva* (xeracional) *de ampliar(mos) entre todos a casa da linguaxe*, analiza brillantemente a obra de Xosé María Álvarez Cáccamo: *autonomía da palabra poética, aparente perda da inmediatez socialhistórica (que non ideolóxica) do discurso lírico, escaso ton comunicacional*. Entre outros.

Con estes e outros instrumentos poéticos, o noso poeta ao longo da súa biografía vital quixo que a palabra, rigorosa na forma, durara e dese resposta a cada tempo. A palabra poética como ferramenta de

íntimo coñecemento, de busca interior. Mais tamén de coñecemento do ser colectivo que somos os Galegos, pois sabemos que a nosa experiencia persoal ao escribir os poemas é a experiencia de moitas xeracións que nos precederon.

O ser humano, di Auden, é un ser xerador de historia e de cultura. Tamén o noso poeta, aínda que, necesariamente, non sempre o tempo da historia sexa o tempo do poeta.

*O poeta é un loitador*, dicíanos o sempre admirado Antón Avilés de Taramancos. *Se ben se crea en soidade, é preciso exercer a intervención en colectividade*, dinos o noso poeta, dinos que hoxe camiña o benquerido Antón descalzo sen se mancar esta patria altiva.

Se lemos nos días que foron deixando pegada no seu persoal e xa extenso e intenso *calendario perpetuo*, ollaremos que, ademais do seu labor poético, está o seu labor cívico-cultural nas plataformas literarias e culturais. Integrou a equipa directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega e mesmo coincidimos no consello directivo entre os anos oitenta e dous e oitenta e cinco. A AELG de hoxe está asentada na memoria daquel tempo, cumprindo as novas necesidades das escritoras e escritores da sociedade galega deste tempo.

Un tempo no que a palabra está mais vencellada á publicidade que á busca da verdade, e se fai necesaria a palabra enunciadora do poeta.

Cando nas diversas e sucesivas encrucilladas literarias e vitais que nos ofrece o presente, en soidade, lemos a Xosé María Álvarez Cáccamo, de palabra delicadamente firme na forma, coa fonda raíz ancorada, significa que estamos a elixir entrar libremente ao camiño concreto da busca daquilo que permanece. Cada libro do noso poeta abre en nós lugares do ser, habitados dunha esencia máis alta. Cando se tenta que as nacións, tamén a nosa, sexan unha marca e non unha cultura, a palabra do noso poeta toma toda a súa necesaria dimensión para que non nos posúa a indiferenza ante a mentira, é dicir, ante a manipulación.

Nunca foron bos tempos para a poesía; diríase que sempre tivo esa necesaria conflictividade na relación do home coa súa

contemporaneidade, quizais porque a poesía é cuestionadora de toda certeza, nun tempo cada vez máis reacio a recoñecer o valor da palabra. Son *os sinais da noite*, dos que nos alerta o poeta.

Nun tempo da cultura da mirada mais que non sempre ten a calidade da interrogación. Nun tempo de apagamento da cultura da palabra que, entre outras variábeis que non nos permiten vivir en galego na propia terra e determinan o progresivo desuso do noso idioma, faise máis e máis necesaria a vivencia do noso poeta, que constrúe sólidas *arquitecturas de cinza* cunha calidade e delicada calidez na utilización da nosa lingua que debulla con voz de Mestre *as materias do espello*, *as escritas das aves*.

Concordo con Argullol, en que se ten deixado de relacionar a nosa liberdade persoal con aquela busca da verdade, o ben e a beleza que caracterizaba a liberdade humanista ilustrada. Diante disto a poesía do noso poeta trae as pulsacións íntimas do ser en cuxo fondo achamos a verdade e a beleza en íntimo abrazo, que nos levan a reflexionar até qué punto o noso destino persoal está vencellado ao destino desta Terra, deste pobo de noso.

Neste tempo de institucional ignorancia auto-satisfeita, sexa sobre o noso presente ou sobre o noso dorido e esplendente pasado como nación, é preciso ler nos *cadernos da ira*, ler na consciencia do poeta a consciencia de ser dunha Terra e dun tempo que non dá a esquecemento as súas feridas no corpo colectivo.

*Soñar é ter memoria*, tennos dito o poeta. Debémosllo ás xeracións futuras. Debémosllo ao Vilar *dos fillos*. así eles han herdar de nós a esperanza que nós herdamos da xeración de Xosé María Álvarez Blázquez, pois eles han crear o tempo de cristal dos días futuros.

*Mentres*, en versos do noso poeta homenaxeado, aos seus fillos, eles / *cos labios fronte ao vento e a terra lentamente* / *suben vida arriba e*,

nós, con eles, estamos a soñar a luz futura desta terra, a *floración do mundo*.

Parabéns querido poeta amigo.  
Grazas.

*Cesáreo Sánchez Iglesias*  
*Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega*  
*Casa da Cultura de Riomaior, Vilaboa, a 6 de xuño de 2015*